



**Federación
Galega de
Deporte
Autóctono**

BoLLARDA

REGULAMENTO DE BILLARDA

PREÁMBULO

Este regulamento ten por obxecto definir as regras de xogo nas competicións que se organicen desde a Modalidade de Billarda da Federación Galega de Deporte Autóctono. O Comité Técnico é o encargado de elaborar e aprobar o presente regulamento.

Este regulamento componse de artigos e anexos, nos que cada artigo ten un título distintivo que describe brevemente o seu contido. Os artigos que describen unha situación determinada con máis detalle priman sobre os artigos que describen situacións máis xerais.

Na redacción do regulamento primará o uso de termos do xénero masculino e feminino, aínda que todos os termos do xénero masculino aplícanse a ambos os xéneros.

CONTIDO

• Obxectivo	3
• Terreo de xogo	3
• Material de xogo	4
• Equipos	6
• Definicións básicas	7
• Situacións xerais durante o xogo	9
• Desenvolvemento básico do xogo	15
• Asignación de puntos	18
• Acumulación de puntos	19
• Determinar o gañador ou gañadora	19
• Desempates	20
• Descrición de situacións e regras especiais	20
• Decidir situacións durante o xogo	22
• O xuíz ou xuíza do xogo	22
• Penalizacións	24
• Xogar baixo o propio risco	25
• Principios do xogo limpo	25


OBXECTIVO

Artigo 1. Obxectivo do xogo.

Dentro dun terreo de xogo (o campo), o xogador (o palanador) ou xogadora (a palanadora) intenta desprazar un pau de madeira con punta aguzada (a billarda) que está no chan o máis lonxe posíbel desde o lugar de partida (a zona de saída) golpeándoo con outro pau de madeira (o palán). O obxectivo é traspasar coa billarda a liña do varal no menor número de golpes.

TERREO DE XOGO

Artigo 2. Campo.



O campo para o xogo está formado por 4 liñas rectas que o bordean. As liñas que delimitan o campo forman parte do mesmo. O varal e a liña de varal tamén son parte do campo.

A liña de saída representa o comezo do campo e ten unha lonxitude mínima de 10 m e máxima de 20 m.

As liñas laterais son as que están aos lados esquerdo e dereito do campo e teñen a mesma lonxitude, mínima de 40 m e máxima de 50 m. Forman un ángulo de 90° coas liñas de saída e de fondo.

A liña de fondo, oposta á liña de saída, é a que se estende desde unha liña lateral a outra e ten unha lonxitude mínima de 10 m e máxima de 20 m. A súa lonxitude será a mesma que a liña de saída.

A liña de varal é o tramo da liña de fondo que está comprendida entre un e outra vara do no varal.

As dimensións máximas do campo (50 m x 20 m) serán as recomendadas sempre que o terreo de xogo o permita, polo que as dimensións poderán adaptarse ao espazo dispoñíbel.

A superficie do campo pode ser pavimentada (asfalto, cemento, pedra, madeira, goma) ou non pavimentada (terra, herba, area, grava). A superficie do campo non é preciso que sexa completamente plana.

Cando polas características do campo existan elementos fixos e non movibles facilmente que teñan que quedar dentro do mesmo (árbore, farol, papeleira, bordo), estes obxectos considéranse elementos circunstanciais e, polo tanto, propios do campo.

Artigo 3. Marcado das liñas de campo.

As liñas de campo deben ser claras e visíbeis e delimitar correctamente o campo, ben sexan pintadas ou feitas cun cordel ou cinta.


Cando polas características do campo existan bordos ou paredes que o delimiten acordarase previamente entre os delegados ou delegadas dos equipos participantes se estes obxectos considéranse elementos circunstanciais do campo ou ben liñas de campo.

Artigo 4. Zona de saída.

A zona de saída é o espazo que queda fóra do campo e detrás da liña de saída e desde a que comezan as carreiras.


MATERIAL DE XOGO

Artigo 5. Billarda.



A billarda é un pau de madeira que ten ou non unha punta oval, aguda ou en bisel en ambos os extremos ou nun só, de diámetro entre 1,5 e 3 cm e de lonxitude entre 18 e 25 cm.

Artigo 6. Palán.



O palán é un pau de madeira de diámetro entre 1,5 e 3 cm e de lonxitude entre 50 e 60 cm. Ao final da parte de suxeición ou mango, o palán está equipado cunha correa de seguridade, a cal forma parte do equipo de protección obrigatorio.

A parte de suxeición ou mango pode equiparse cunha capa antiescorregaduras: a agarradoira. Esta parte de suxeición ou mango con agarradoira pode extenderse ata 18 cm desde o comezo do palán.

O palán pode estar protexido ou recuberto ao longo do mesmo por unha cinta sempre que o diámetro do mesmo non exceda dos 3 cm. Na parte do mango tampouco pode superar os 3 cm de diámetro incluída a capa antiescorregaduras ou agarradoira.

Artigo 7. Varal.

O varal está na zona do campo á que se intenta chegar coa billarda con cada golpe. Está situado no centro da liña de fondo e a unha distancia equidistante das liñas laterais.

Está formado por dúas varas longas verticais ou postes, de lonxitude e diámetro indefinido, separadas entre si a unha distancia de 3,60 m (6 paláns) formando a liña de varal. Poden estar espetados no chan ou suxeitos por unha base portátil pousada sobre o chan.

A base portátil que suxeita o poste do varal considérase un elemento circunstancial e polo tanto propio do campo.

Artigo 8. Equipos de protección individual.

Unicamente é obrigatorio o uso dunha correa de seguridade ao final da parte de suxeición ou mango para cinguir ao pulso. Non é obrigatorio o uso de equipos de protección corporal (cascos, máscaras, luvas...) contra impactos aínda que si se permite o seu uso.

Artigo 9. Vestimenta.

A vestimenta xeralmente non se prescribe, pode ser deportiva ou folclórica, permitíndose polo tanto o uso durante o desenvolvemento do xogo de calquera peza de vestir.

Artigo 10. Billarda base.

A billarda base é unha billarda que se pousa no chan para servir de apoio á billarda que se emprega para o golpe. Durante o golpe trátase como parte do chan e debe ser retirada despois de realizar o mesmo.

EQUIPOS

Artigo 11. Palanador ou palanadora.

O palanador ou palanadora é o xogador ou xogadora integrante dun equipo e/ou que participa nun aberto.

Artigo 12. Composición dos equipos.

A participación no xogo é individual e cada palanador ou palanadora xoga e acumula puntos para si. Todo xogador e xogadora debe formar parte dun club. Os clubs non teñen que contar cun mínimo nin cun máximo de palanadores ou palanadoras e non é imprescindible a participación do equipo ao completo en cada aberto que se dispute.

En cada carreira pódense enfrontar palanadores ou palanadoras dun mesmo equipo.

DEFINICIÓNS BÁSICAS

Artigo 13. Carreira.

A carreira é o segmento básico do aberto. É o espazo percorrido pola billarda desde a zona de saída ata traspasar a liña de varal en un golpe (varado) ou varios golpes de desprazamento.

Nunha carreira os palanadores ou palanadoras executan as partes dunha carreira. Golpean a billarda ata un máximo de golpes de desprazamento permitido e de xeito alternativo ou quendas intentando traspasar a liña de varal coa billarda.

Para cada carreira establécese un número de golpes máximos permitidos para intentar traspasar coa billarda a liña de varal, é dicir, para completar a carreira.

Artigo 14. Partes dunha carreira.

As partes dunha carreira son, en orde:

1. Golpe desde a zona de saída.
2. Traspasar a liña de varal en un golpe (varado) ou varios golpes.
3. Anotación de puntos segundo o número de golpes realizados.

Artigo 15. Fase

A fase do aberto é o sistema de competición formada por unha ou varias carreiras.

A fase pode ser de dous tipos:

- Fase de grupos: varios palanadores ou palanadoras enfróntanse entre si nun mesmo grupo.
- Fase de cadros ou eliminatorias: varios palanadores ou palanadoras enfróntanse entre si nunha mesma eliminatoria.

Nun mesmo aberto pódense combinar varias e distintas fases.

Cada fase do aberto ten un sistema de puntuación propio.

Artigo 16. Puntuación.

O punto é a unidade para contar a puntuación obtida en cada carreira e ven determinado ou polo número de golpes en cada carreira ou por carreira completada segundo o sistema de competición establecido.

Artigo 17. Aberto.

O aberto ou torneo de billarda ten lugar entre varios palanadores ou palanadoras e consiste en carreiras organizadas en unha ou varias fases.

Nos abertos, as carreiras de cada fase organizaranse de xeito que se alterne a orde de golpeo.

O xuíz ou a xuíza de campo dirixe, xulga e rexistra o curso do aberto, asistido polo xuíz ou xuíza de varal, ambos os dous asignados de xeito exclusivo para esa carreira.

Durante a carreira, só o xuíz ou a xuíza de campo e de varal e os palanadores ou palanadoras que disputen esa carreira poden estar no campo.

Artigo 18. Golpe.

O golpe realízase co palán batendo (por primeira vez) a billarda, que está no chan, nunha das súas puntas facendo que dea un chimpó. Despois de novo co palán hai que intentar bater (por segunda vez) a billarda, cando está no aire, antes de que toque o chan para así intentar desprazala polo campo.

O número de golpes empregados para realizar unha carreira determinará os puntos.

Artigo 19. Lugar do golpe

O lugar de golpe é o lugar desde o que se realiza o golpe.

Artigo 20. Varado.

O varado prodúcese cando desde a zona de saída cun golpe traspásase coa billarda a liña de varal. O valor en puntos do varado ven determinado polo número de golpes disputados na carreira.

Artigo 21. Dentro do varal.

O dentro do varal prodúcese cando despois dun golpe válido a billarda traspasa totalmente a liña de varal e toca o chan, nun animal, nun obxecto ou nunha persoa, sempre que non sexa no mesmo palanador ou palanadora que realiza o golpe, situados despois da mesma liña de varal e non no campo.

Se as liñas de varal están formadas por un cordel e este por estar tenso fíxese un efecto de rebote da billarda ou é desprazado pola billarda da súa liña orixinal e volve por si só á mesma, non se considera dentro do varal. Tan só cando a billarda desprace o cordel da liña de varal orixinal e este non volve por si só á mesma comprobárase con outro cordel se traspasou a liña de varal orixinal, isto é, a liña recta entre os dous postes do varal.

Artigo 22. Fóra de campo.

O fóra de campo prodúcese cando despois dun golpe válido a billarda traspasa totalmente as liñas laterais, a liña de saída ou a liña de fondo e toca o chan, nun animal, nun obxecto ou nunha persoa, sempre que non sexa no mesmo palanador ou palanadora que realiza o golpe, situados fóra da delimitación do campo.

Artigo 23. Lugar de saída

O lugar de saída é o lugar na liña lateral, ou na liña de saída, por onde a billarda cruza esta liña e despois sae cara fóra do campo.

Artigo 24. Rotación da billarda.

A rotación da billarda é a colocación da billarda cun xiro sobre o seu eixo e tamén un xiro respecto ás liñas de campo.

SITUACIÓNS XERAIS DURANTE O XOGO

Artigo 25. A billarda sae fóra de campo.

Considérase que a billarda sae fóra de campo só cando esta despois de traspasar enteiramente calquera das liñas que o delimitan toca o chan, nun obxecto, nunha persoa ou nun animal. Aínda que despois volva a dentro do campo considérase fóra de campo.

Se as liñas do campo están formadas por un cordel e este por estar tenso fíxese un efecto de rebote da billarda ou é desprazado pola billarda da súa liña orixinal non se considera fóra de campo.

Cando a billarda sae fóra de campo poden darse catro situacións:

Artigo 25.1. A billarda non toca no chan antes de saír fóra de campo: na seguinte quenda o golpe faise desde o lugar no que se realizou o golpe de billarda.

Artigo 25.2. A billarda toca no chan antes de saír fóra de campo pola liña lateral: na seguinte quenda o golpe faise desde o lugar de saída; é o que chamamos golpe de banda.

Artigo 25.3. A billarda toca no chan antes de saír fóra de campo pola liña de saída: : na seguinte quenda o golpe faise desde o lugar de saída; é o que chamamos golpe de banda.

Artigo 25.4. A billarda toca no chan antes de saír fóra de campo pola liña de fondo: na seguinte quenda o golpe faise de novo desde o lugar no que se realizou o golpe de billarda.

Artigo 26. Colocación da billarda nun fóra de campo para un posterior golpe de banda.

Nun fóra de campo a billarda colócase para un posterior golpe de banda dentro do campo ao lado do lugar de saída e perpendicular á liña de campo a unha distancia máxima igual á lonxitude da billarda. Algunha parte da billarda ten que estar tocando a liña de banda.

Artigo 27. Colocación da billarda antes do golpe.

Antes do golpe permítese a rotación a billarda pero non desprazala agás en tres circunstancias.

Artigo 27.1. Cando a billarda está nun lugar do campo onde un obxecto vertical (parede, poste, ...) dificulte o golpe: esta pódese desprazar en ambos sentidos nunha dirección paralela á liña de fondo e a unha distancia máxima de un palán (60 cm) do obxecto.

Artigo 27.2. Cando a billarda está nun lugar do campo onde un obxecto vertical próximo á liña de fondo dificulte o golpe: esta pódese desprazar nunha dirección paralela á liña de fondo pero no sentido oposto ao varal e a unha distancia máxima de un palán (60 cm) do obxecto, e de seguir dificultando o golpe despois poderase desprazar en dirección perpendicular á liña de varal pero sempre a unha distancia máxima de un palán (60 cm) do obxecto.

Artigo 27.3. Cando a billarda está nun lugar do campo onde un obxecto horizontal (poza de auga, raíz, terrón, pintura, pedra, buraco,...) dificulte o golpe: esta pódese desprazar en ambos sentidos nunha dirección paralela á liña de fondo e a unha distancia máxima igual á lonxitude da billarda.

O xuíz ou xuíza de campo determinará o lugar de golpe e por tanto os lugares desde os que é posible golpear a billarda.

O poste do varal, coa súa base incluída, nunca será considerado un obxecto que dificulte o golpe polo que no se poderá desprazar a billarda por este motivo.

O palanador ou palanadora antes de realizar o golpe poderá retirar a billarda para riscar cunha billarda ou cun palán sobre a superficie do campo modificando lixeiramente a súa superficie para así buscar unha mellor posición da mesma para o golpe. Non se permite arrincar anacos de superficie.

Cando a billarda se detivo enriba de algunha das liñas de campo que dificulten o golpe (cordel, pintura,...), esta pódese desprazar nunha dirección perpendicular á liña de campo e a unha distancia máxima igual á lonxitude da billarda.

Artigo 28. Tocar a billarda mentres está en movemento polo aire.

Despois dun golpe, mentres a billarda está en movemento polo aire ningún outro palanador nin palanadora, nin outra persoa, nin animal, nin obxecto en movemento, pode parar ou desviar a billarda intencionadamente. Só pode tocala co palán quen realiza o golpe.

Neste caso hai que repetir o golpe desde o mesmo lugar de golpe.

Artigo 29. Tocar a billarda mentres está en movemento despois de tocar no campo.

Despois dun golpe, mentres a billarda está en movemento despois de tocar no campo, ningún outro palanador nin palanadora, nin outra persoa, nin animal, nin obxecto en movemento, pode parar ou desviar a billarda intencionadamente.

Neste caso hai que repetir o golpe desde o mesmo lugar de golpe.

A billarda ten que deterse por si mesma agás, sempre que se acorde previamente entre os delegados ou delegadas dos equipos participantes, cando polas características do campo este ten unha lixeira pendente, se a billarda non se detén por si mesma e se despraza en sentido contrario ao varal esta pode ser detida co palán soamente polo palanador ou palanadora que realiza o golpe.

Artigo 30. Tocar a billarda despois de que se detén no campo.

Despois dun golpe, cando a billarda se detén no campo ningún palanador nin palanadora, nin quen realiza o golpe, nin outra persoa, nin animal, nin obxecto en movemento, pode tocar a billarda intencionadamente.

O xuíz ou xuízo a de campo será quen autorice para recoller a billarda despois de que se detén, cando sinale o remate do golpe.

Cando alguén ou algo toca intencionadamente unha billarda despois de que se detén no campo hai que restituíla ao lugar onde se detivo antes de ser tocada. Cando outra billarda en movemento toca unha billarda que está detida no campo hai que restituír esta última ao lugar onde estaba detida.

O xuíz ou xuíza de campo determinará o lugar onde se detivo a billarda.

Artigo 31. Mover a billarda calquera elemento meteorolóxico.

Cando algún elemento meteorolóxico move a billarda despois de que se detén no campo hai que restituíla ao lugar onde estaba detida. Os elementos meteorolóxicos que interfiran durante o golpe son circunstanciais ao xogo.

Artigo 32. Sinalar o lugar de golpe.

Despois de realizar un golpe non válido, no momento hai que deixar sinalado cunha billarda ou cun palán o mesmo lugar de golpe para o posterior golpe. A billarda ou o palán deben quedar perpendiculares á liña de fondo e o seu extremo máis próximo a esta liña indicará o lugar de golpe.

Artigo 33. Medir a distancia da billarda ao varal.

Despois dun golpe, cando haxa que decidir a proximidade dunha billarda ao varal, tomarase a distancia medida desde o extremo da billarda máis próximo ao varal ata a liña de varal, e non ata os postes que forman o varal.

Artigo 34. Impactar coa billarda en movemento nun obxecto que está fóra do campo pero que chega ao espazo aéreo do campo.

Despois do golpe, cando a billarda en movemento impacta nun obxecto inmóbil que está fóra do campo pero que chega ao espazo aéreo do campo (cuberta, cable aéreo, póla de árbore, farol, viga,..) considérase golpe válido e deberá quedar no lugar onde se deteña.

Igualmente cando o campo ten unha cuberto e despois do golpe a billarda en movemento impacta no teito considérase golpe válido e deberá quedar no lugar onde se deteña.

Cando polas características do campo existan obxectos destas características acordarase previamente entre os delegados ou delegadas dos equipos participantes o tramo do obxecto que se considera que está dentro do espazo aéreo do campo e que tramo está fora de campo.

Os elementos fixos e non movibles facilmente que teñan que quedar dentro do campo (árbores, farolas, papeleiras, bordos), xa están considerados como elementos circunstanciais do campo.

Artigo 35. Impactar coa billarda nun obxecto inmóbil que está de xeito accidental no campo.

Despois dun golpe, cando a billarda en movemento impacta de xeito accidental nun obxecto inmóbil que está dentro do campo considérase golpe válido e deberá deterse por si mesma. Para este caso considérase o obxecto está de xeito accidental no campo cando antes do golpe o xuíz

ou xuíza de campo autorice o mesmo despois de observar e non decatarse da existencia do elemento que interfere no xogo e non ser retirado do campo, e o palanador ou palanadora, advirta ou non da presenza do obxecto, aínda así realice o golpe.

Cando o obxecto que para ou desvía a billarda durante o golpe sexa outra billarda que está detida ou un palán que está pousado no campo considérase sempre golpe válido e deberá deterse por si mesma.

Artigo 36. Impactar coa billarda de xeito accidental.

Despois dun golpe, mentres a billarda está en movemento impacta de xeito accidental noutro palanador ou palanadora, nunha persoa ou nun animal que están dentro do campo considérase golpe válido e deberá deterse por si mesma. Para este caso considérase que a persoa ou obxecto están de xeito accidental no campo cando antes do golpe o xuíz ou xuíza de campo autorice o mesmo despois de observar e non decatarse da existencia de elementos que interfiran no xogo e o palanador ou palanadora advirta ou non a este da presenza do obxecto aínda así realiza o golpe.

Artigo 37. Tocar a billarda cando traspasa as liñas de campo e se detén fóra do campo.

Despois dun golpe, cando a billarda traspasa as liñas de campo, así como a liña de varal, e se detén fóra do campo ningún palanador nin palanadora, nin quen realiza o golpe, nin outra persoa, nin animal, nin obxecto, pode tocar a billarda intencionadamente.

Artigo 38. Colocación da billarda.

Todas as posicións e circunstancias descritas nos artigos 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32 e 33 están no dominio do xuíz ou xuíza de campo e baixo a súa supervisión.

A autorización para recoller a billarda será sempre despois de que este sinale o remate do golpe, da acción ou infracción.

Será tamén quen determine o lugar de golpe ou tramo desde o cal realizar o golpe de billarda e autorice ao palanador ou palanadora a colocar a billarda nese lugar de golpe.

Será quen determine se a billarda traspasou a liña de varal e quen autorice ao xuíz ou xuíza de campo a recoller a billarda.

Artigo 39. Bateo múltiple da billarda co palán.

O palanador ou palanadora pode bater varias veces a billarda co palán antes de que toque o chan. Os bateos múltiples co palán considéranse como un só golpe.

Artigo 40. Traspaso das liñas e volta ao campo.

Cando a billarda traspasa as liñas do campo e volve ao campo sen tocar chan, obxecto ou persoa que estean fóra do campo, o xogo continúa do mesmo xeito que se a billarda estivese no campo todo o tempo.

Artigo 41. Tocar a billarda co corpo polo palanador ou palanadora fóra de campo.

Cando a billarda traspasa as liñas do campo, rebota no palanador ou palanadora que realiza o golpe e sen tocar o chan volve ao campo, o xogo continúa coma un golpe non válido e na seguinte quenda o golpe faise de novo desde o lugar no que se realizou o golpe de billarda.

Artigo 42. Tocar a billarda cun palán polo palanador ou palanadora fóra do campo.

Cando a billarda traspasa as liñas do campo é batida polo palanador ou palanadora que realiza o golpe e sen tocar o chan volve ao campo, o xogo continúa do mesmo xeito que se a billarda estivese no campo todo o tempo.

Artigo 43. Movemento intencionado das liñas de campo e do varal.

Os palanadores ou palanadoras non poden mover intencionadamente as liñas de campo nin o varal en ningún momento para cambiar a forma ou as distancias nin para conseguir unha mellor posición para o golpe.

Artigo 44. Obriga de empregar a correa de seguridade.

Os palanadores ou palanadoras mentres están no campo e para realizar o golpe deben levar a correa de seguridade cinguida ao pulso.

A comprobación e verificación do emprego da correa de seguridade será de oficio polo xuíz ou xuíza de campo ou tamén a petición de outro palanador ou palanadora.

DESENVOLVEMENTO BÁSICO DO XOGO

Artigo 45. Determinación da orde de saída.

Antes do comezo da carreira (ou carreiras), segundo o sistema de competición establecido para ese aberto ou liga (fase de grupos, fase de cadros ou eliminatorias), realízase un sorteo para establecer a orde de saída de cada palanador ou palanadora.

A orde queda establecida no sorteo inicial e non se pode alterar sabendo así cada palanador ou palanadora a súa quenda para o golpe.

Artigo 46. Comezo da carreira.

O xuíz ou xuíza de campo nomeará en orde de saída a todos os palanadores ou palanadoras que van disputar esa carreira e que se situarán detrás da liña de saída a unha distancia de 5 m agardando a súa quenda para o golpe desde a zona de saída.

Tamén observará que non haxa espectadores nin outros palanadores nin palanadora dentro do campo nin fóra ao mesmo nivel e menos de 5 m das liñas de campo.

Artigo 47. Golpe de billarda.

O obxectivo do golpe de billarda é lanzar a billarda ao campo ou ben xa traspasar a liña de varal. Só hai un intento de golpe en cada quenda.

Os palanadores ou palanadoras realizarán o golpe na súa quenda despois de ser nomeados polo xuíz ou xuíza de campo. Se golpean antes de ser nomeados polo xuíz ou xuíza de campo este determinará se o golpe é válido en función de se advertiu ou observou o golpe e a dirección da billarda.

Se alguén golpea a billarda fóra da súa quenda ou desde un lugar incorrecto deberá repetir o golpe na súa quenda e desde o lugar que o xuíz ou xuíza de campo determine.

Un palanador ou palanadora que durante o golpe é molestada de xeito intencionado ou involuntario poderá optar entre repetir ou non o golpe.

Unha vez realizado o golpe hai que agardar a que a billarda se deteña e logo a carreira continúa cos seguintes golpes en cada súa quenda.

Artigo 48. Como se fai o golpe.

1. Segundo o golpe que se dispute o xuíz ou xuíza de campo nomea ao palanador ou palanadora para que:
 - No primeiro golpe acceda á zona de saída.
 - Nos seguintes golpes entre no campo a onde está a súa billarda.
2. Segundo o golpe que se dispute o palanador ou palanadora:
 - No primeiro golpe coloca a billarda no chan e detrás da liña de saída.
 - Nos seguintes golpes coloca a billarda.
3. O palanador ou palanadora co palán bate a billarda nunha das súas puntas para que dea un chimpo.
4. O palanador ou palanadora co palán intenta bater de novo a billarda cando está no aire e así envíala o máis lonxe posible no campo.

Artigo 49. Validez do golpe.

Despois dun intento de golpe este considérase golpe non válido e polo tanto pasará a golpear o seguinte palanador ou palanadora nas seguintes situacións:

Artigo 49.1. Cando o palanador ou palanadora toca a billarda co palán e esta non dá o chimpo.

Artigo 49.2. Cando o palanador ou palanadora toca a billarda co palán e esta non dá o chimpo e bate de novo na billarda e esta desprázase arrastro.

Artigo 49.3. Cando o palanador ou palanadora toca a billarda co corpo despois de que dá o chimpo.

Artigo 49.4. Cando o palanador ou palanadora non bate de novo a billarda co palán despois de que dá o chimpo.

Artigo 49.5. Cando o palanador ou palanadora toca a billarda co corpo antes de que caia ao chan.

Artigo 49.6. Cando o palanador ou palanadora toca a billarda co corpo ou co palán despois de que caia ao chan e antes de que se deteña, agás a excepción do artigo 29.

O golpe é válido se non se cumpriu ningunha das situacións especificadas no artigo 46.

Artigo 50. Continuación na carreira despois do golpe.

Despois do golpe a carreira continúa segundo se dea algunha destas situacións:

Artigo 50.1. Golpe non válido: o seguinte golpe será de novo desde o mesmo lugar de golpe. O palanador ou palanadora, segundo desde onde se realizou o golpe, debe situarse fóra do campo detrás da liña de saída ou á altura da súa billarda e a 1 m da liña agardando a súa quenda para realizar o seguinte golpe.

Artigo 50.2. Golpe válido e a billarda cae no campo: o seguinte golpe será desde o lugar onde se detivo a billarda. O palanador ou palanadora debe situarse fóra do campo á altura da súa billarda e a 1 m da liña lateral do campo agardando a súa quenda para realizar o seguinte golpe.

Artigo 50.3. Golpe válido e a billarda sae fóra de campo: remitímonos ás situacións descritas no ao artigo 25. Segundo a liña pola que sae a billarda fóra de campo o palanador ou palanadora sitúase:

Artigo 50.3.1. A billarda sae fóra pola liña de saída ou pola liñas laterais: o palanador ou palanadora debe situarse fóra do campo á altura da súa billarda e a 1 m da liña de saída ou da liña lateral, segundo por onde saíu a billarda, agardando a súa quenda para realizar o seguinte golpe.

Artigo 50.3.2. A billarda sae fóra pola liña de fondo: o palanador ou palanadora debe situarse fóra do campo á altura da súa billarda e a 1 m da liña lateral agardando a súa quenda para realizar o seguinte golpe.

Artigo 50.4. Golpe válido e a billarda traspasa a liña de varal: consegue un varado e remata a súa carreira. O palanador ou palanadora debe situarse fóra do campo a unha distancia mínima de 5 m. das liñas de campo.

En todos os casos os palanadores ou palanadoras que agardan pola súa quenda de golpe, deben separarse 5 m doutros palanadores ou palanadoras que realizan o golpe nese momento para así non molestar nin interferir nos seus golpes.

Artigo 51. Desenvolvemento da carreira cos posteriores golpes.

Os palanadores ou palanadoras continúan a carreira cos posteriores golpes por quendas e segundo se describe nos artigos 48 e 50.

Durante a carreira o xuíz ou xuíza de campo observará en todo momento da carreira que non haxa espectadores nin outros palanadores nin palanadora dentro do campo nin fóra ao mesmo nivel do campo e a menos de 5 m das liñas de campo.

Artigo 52. Remate da carreira.

A carreira remata cando se completa o número máximo de golpes estipulado por carreira ou ben remata antes se todos os palanadores ou palanadoras atravesan a liña de varal.

Artigo 53. Perda da quenda de golpe.

A perda da quenda de golpe prodúcese cando o palanador ou palanadora é nomeado polo xuíz ou xuíza de campo polo menos tres veces para dar o golpe na súa quenda e non está presente ou non realiza o golpe, perdendo así a posibilidade de dar ese golpe.

ASIGNACIÓN DE PUNTOS.

Artigo 54. Asignación de puntos.

Para cada carreira segundo o sistema de competición establecido para ese aberto ou liga (fase de grupos, fase de cadros ou eliminatorias) establécese un sistema de puntos para a súa asignación

Artigo 55. Sistema de puntos nunha fase de grupos.

Nunha fase de grupos o sistema de puntos establécese en función do número de golpes máximos permitidos para intentar traspasar coa billarda a liña de varal, é dicir, para completar a carreira.

Asignarase a maior puntuación ao primeiro golpe e de maneira gradual una puntuación menor aos seguintes golpes sendo a puntuación máis baixa a do último golpe.

Así pois, canto menor sexa o número de golpes necesarios para completar a carreira os puntos asignados é maior. Deste xeito quen o fagan no primeiro golpe levarán a máxima puntuación.

Todos os palanadores ou palanadoras que completen a carreira no mesmo golpe levarán a mesma puntuación.

Todos os palanadores ou palanadoras que non completen a carreira despois do número máximo de golpes levarán a mesma puntuación máis baixa.

Artigo 56. Sistema de puntos nunha fase de cadros ou eliminatorias.

Nunha fase de cadros ou eliminatorias establécese en función de carreira completada, isto é, que se traspasa coa billarda a liña de varal. Establécese un número de carreiras por eliminatoria e un número de golpes máximos permitidos para a carreira.

Asignarase a maior puntuación á carreira completada e a menor puntuación á carreira non completada.

Asignarase a maior puntuación á carreira completa independentemente do número de golpes empregados e despois asignarase unha puntuación menor só ao seguinte golpe. A puntuación

máis baixa asignarase a quen non completase a carreira neses dous golpes nin no número de golpes máximos permitidos para a carreira.

Todos os palanadores ou palanadoras que completen a carreira no mesmo golpe levarán a mesma puntuación máis alta.

Todos os palanadores ou palanadoras que completen a carreira no seguinte golpe levarán a mesma puntuación.

Todos os palanadores ou palanadoras que non completen a carreira levarán a mesma puntuación máis baixa.

ACUMULACIÓN DE PUNTOS.

Artigo 57. Acumulación de puntos.

Para cada sistema de competición establecido para ese aberto ou liga (fase de grupos, fase de cadros ou eliminatorias) establécese un sistema de acumulación de puntos polo palanador ou palanadora. Para poder acumular puntos é obrigado realizar o golpe desde a zona de saída.

Artigo 58. Acumulación de puntos nunha fase de grupos.

O palanador ou palanadora acumula todos os puntos acadados en cada carreira.

Artigo 59. Acumulación de puntos nunha fase de cadros ou eliminatorias.

Segundo os puntos sexan para decidir a eliminatoria ou por superar a eliminatoria diferéncianse dous tipos de acumulación de puntos.

Artigo 59.1. Acumulación de puntos para decidir a eliminatoria: o palanador ou palanadora acumula todos os puntos acadados en cada carreira.

Artigo 59.2. Acumulación por superar eliminatorias: o palanador ou palanadora acumula os puntos previamente asignados por superar cada eliminatoria.

DETERMINAR O GAÑADOR OU GAÑADORA.

Artigo 60. Determinar o gañador ou gañadora.

Para cada sistema de competición establecido para ese aberto ou liga (fase de grupos, fase de cadros ou eliminatorias) establécese un sistema para determinar o ganador ou gañadora.

Artigo 61. Determinar o gañador ou gañadora cunha fase de grupos

O palanador ou palanadora que máis puntos acumule será quen gañe.

Artigo 62. Determinar o gañador ou gañadora cunha fase de cadros ou eliminatorias.

Segundo sexa para decidir a eliminatoria ou por superar eliminatorias diferéncianse dous tipos de gañador ou gañadora.

Artigo 62.1. Para decidir a eliminatoria: o palanador ou palanadora que máis puntos acumule será quen gañe a eliminatoria.

Artigo 62.2. Por superar eliminatorias: o palanador ou palanadora que máis puntos acumule será quen gañe, o que ben sendo o mesmo, quen supere máis eliminatorias será quen gañe.

Artigo 63. Combinación de fases nun mesmo aberto.

Cando se combinan dúas ou máis fases nun mesmo aberto establecerase un sistema para que os palanadores ou palanadoras poidan pasar de fase ben por acumulación de puntos ou por posición acadada nun grupo.

DESEMPATES.

Artigo 64. Desempates.

Os criterios de desempate poden ser de dous tipos:

Artigo 64.1. Criterio de desempate a billarda longa: carreira a un só golpe desde a zona de saída, en orde de golpeo inverso ao da última carreira, gaña o desempate quen consiga chegar a billarda mais preto da liña de varal ou faga varado.

Artigo 64.2. Criterio de desempate a carreira: carreira, en orde de golpeo inverso ao da última carreira, gaña o desempate quen consiga completar a carreira.

Para cada sistema de competición establecido para ese aberto ou liga (fase de grupos, fase de cadros ou eliminatorias) establécese o criterio para os desempates que se desexe.

DESCRIBIÓN DE SITUACIÓNS E REGRAS ESPECIAIS

Artigo 65. Substitución dun palanador ou palanadora

Como a participación no xogo é individual non se permiten as substitucións de palanadores nin palanadoras en ningunha fase do aberto. En caso de lesión, independentemente da fase do aberto, non é posíbel a súa substitución.

O palanador ou palanadora que decida non continuar a xogar, non disputar algunha carreira ou non rematar o aberto conservará os puntos acumulados ate ese momento.

Artigo 66. A billarda escacha.

Despois dun golpe co palán ou ao tocar no chan a billarda escacha en dous ou máis anacos considerarase como anaco válido aquel que sexa máis grande e non se repite o golpe. Aínda

que rompa pero non parta en cachos considérase enteira. O palanador ou palanadora debe substituíla para os seguintes golpes

Artigo 67. O palán escacha.

Despois dun golpe o palán escacha en dous anacos non se repite o golpe. O palanador ou palanadora debe substituílo para os seguintes golpes. Se rompe, fende ou escacha un anaco pequeno pero mantén as medidas mínimas o palanador ou palanadora debe substituílo para os seguintes golpes se o xuíz ou xuíza de campo considera que pode supor un perigo para o resto de participantes.

Artigo 68. Empregar equipamento non regulamentario.

Non se pode empregar equipamento non regulamentario, billarda e/ou palán, que non se axusta ao definido nos artigos 5 e 6.

Despois de ser examinado e verificado polo xuíz ou xuíza de campo o palanador ou palanadora debe substituílo para as seguintes as seguintes carreiras.

A comprobación e verificación do equipamento empregado nunha carreira non será de oficio polo xuíz ou xuíza de campo senón que actuará só a petición de outro palanador ou palanadora.

Artigo 69. Substituír o equipamento.

Está permitido substituír o equipamento empregado durante unha carreira, billarda e/ou palán. As substitucións dunha billarda estará supervisadas polo xuíz ou xuíza de campo e terá que ser colocada no mesmo lugar de golpe que a que foi substituída.

DECIDIR SITUACIÓNS DURANTE O XOGO.

Artigo 70. Decidir situacións durante a carreira.

Os palanadores ou palanadoras deciden sobre as situacións dos demais xeradas durante o xogo. Nos casos en que haxa discrepancias e non haxa acordo sobre a situación decide o xuíz ou xuíza de campo.

O XUÍZ OU XUÍZA DO XOGO.

Artigo 71. Funcións do xuíz ou xuíza de campo.

O xuíz ou xuíza de campo dirixe, xulga e rexistra a carreira de forma independente.

Nomeará en orde de saída a todos os palanadores ou palanadoras que van disputar a carreira e cada vez que teñen que dar un golpe.

Indicará antes do comezo o número de orde da carreira e irá indicando o número de orde do golpe.

Observará en todo momento da carreira que non haxa espectadores nin outros palanadores nin palanadoras dentro do campo nin fóra ao mesmo nivel do campo e a menos de 5 m das liñas de campo.

Deberá de estar situado xusto detrás do palanador ou palanadora que golpea a billarda para que a súa visión da traxectoria da billarda sexa óptima, agás no golpe de saída.

Todas as situacións son decididas polos propios palanadores ou palanadoras, o árbitro intervén en caso de desacordo e/ou demora.

Poderá intervir en situacións nas que os propios palanadores ou palanadoras están de acordo, cando isto non sexa conforme ao regulamento facendo cumprir o mesmo.

Resolverá inmediatamente e irrevogablemente a situación e sinalará o comezo da carreira.

Intervirá en casos de perda de tempo.

A decisión do xuíz é definitiva e indiscutible e non pode cambiar o xa aceptado e a decisión anunciada.

Anunciará as súas decisións publicamente.

Artigo 72. Rexistro da carreira.

O xuíz ou xuíza de campo rexistra o estado da carreira na acta oficial. Isto inclúe manter rexistros dos palanadores ou palanadoras de:

- Golpes realizados na carreira
- Puntos acadados na carreira.
- Varados acadados na carreira.
- Incidencias e sancións na carreira.

Artigo 73. Funcións do xuíz ou xuíza de varal.

O xuíz ou xuíza de varal situarase detrás da liña de varal para axudar ao xuíz ou xuíza de campo.

Axuda e dá opinión ao xuíza ou xuíza de campo, previa solicitude de consulta por parte deste, sobre todas as situacións dubidosas ou que así o requiran relacionadas co posible traspaso da billarda da liña de varal e da liña de fondo.

Non ten dereito a xulgar decisións.

Artigo 74. Situacións que son exclusivamente do dominio do xuíz ou xuíza de campo.

As situacións que son exclusivamente do dominio do xuíz ou xuíza de campo son:

- adxudicación en caso de desacordo entre os palanadores ou palanadoras.
- determinar o lugar de saída cara fóra de campo
- determinar o lugar de golpe
- dar autorización para recoller a billarda

- dar autorización para colocar a billarda no lugar de golpe
- determinar se a billarda traspasou a liña de varal
- autorizar ao xuíz ou xuíza de campo a recoller a billarda cando traspase a liña de fondo ou a liña de varal
- nomear a orde de saída aos palanadores ou palanadoras que van disputar a carreira
- avaliar a intencionalidade das accións dos palanadores ou palanadoras

Artigo 75. Disputas e situacións non cubertas por este regulamento.

A decisión sobre situacións xeradas durante un aberto e non contempladas neste Regulamento será decidida polo Comité de Decisión do aberto no que están representados todos os delegados ou delegadas dos equipos que participan nese aberto.

Nos casos en que haxa discrepancias ou non chegan a un acordo sobre a situación decide o xuíz ou xuíza de campo.

Artigo 76. Designación de xuíces ou xuízas.

A designación dos xuíces ou xuízas de campo e de varal corresponderá aos equipos participantes no aberto de entre todos os seus palanadores ou palanadoras.

Designaranse un xuíz ou xuíza de campo e un xuíz ou xuíza de varal para cada carreira.

Proporase un sistema de designación para cada carreira que sexa equitativo e xusto, para que todos os palanadores ou palanadoras realicen estas funcións, designando para xuíz ou xuíza de campo a quen teña máis experiencia cando haxa que escoller entre dous ou máis palanadores ou palanadoras.

Designaranse do grupo de palanadores ou palanadoras que non están a disputar unha carreira nese momento.

Aínda non sendo unha norma de obrigado cumprimento, sempre que sexa posíbel evitarase que os dous xuíces ou xuízas pertencen a un mesmo equipo e tamén evitarase que pertencen a algúns dos equipos que disputan a carreira.

Os palanadores ou palanadoras que non participen nese aberto pódense propor como xuíces ou xuízas para varias carreiras ou para todo o aberto.

En situacións excepcionais de estar xogando todos os palanadores ou palanadoras ao mesmo tempo designarase entre os delegados ou delegadas de equipo que alguén realice ao mesmo tempo que xoga, as funcións de xuíz ou xuíza de campo e podendo designarse outro os palanador ou palanadora de apoio para consultar dúbidas.

Artigo 77. Recorrer unha decisión do xuíz ou xuíza de campo.

Un palanador ou palanadora que considere que un xuíz ou xuíza de campo ditaminou no seu prexuízo sen cumprir o disposto neste Regulamento ten dereito a recorrer a través do seu delegado ou delegada de equipo. Este previo recurso verbal ao xuíz ou xuíza de campo, que terá que parar o xogo, solicitará a través do Comité de Decisión do aberto unha deliberación

urxente cun veredicto unánime. O veredicto, en caso de ser contrario á decisión do xuíz ou xuíza, seralle comunicado no momento para a súa toma en consideración en futuras decisións, mais non suporá a revogación da decisión e si a continuación do xogo.

PENALIZACIÓNS

Artigo 78. Penalizacións.

As penalizacións en puntos para os palanadores ou palanadoras que están a disputar un aberto son as seguintes:

Artigo 78.1. Tocar de xeito intencionado a unha billarda que está en movemento, doutro palanador ou palanadora (artigos 28 e 29): perda dos puntos conseguidos na carreira na que está a xogar ou na seguinte que dispute.

Artigo 78.2. Obriga de empregar a correa de seguridade (artigo 44): perda dos puntos conseguidos na carreira na que está a xogar con ese palán.

Artigo 78.3. Molestar de xeito intencionado a un palanador ou palanadora durante o golpe (artigo 50): perda dos puntos conseguidos na carreira na que está a xogar ou na seguinte que dispute.

Artigo 78.4. Empregar equipamento non regulamentario (Artigo 68): perda dos puntos conseguidos na carreira na que está a xogar con ese material pero manteranse os puntos acumulados en anteriores carreiras.

Artigo 78.5. Falta de respecto polos palanadores ou palanadoras, xuíces ou xuízas, delegados ou delegadas e espectadores (artigo 82): perda dos puntos conseguidos na carreira na que está a xogar ou na seguintes que dispute.

XOGAR BAIXO O PROPIO RISCO

Artigo 79. Xogar baixo o seu propio risco.

Todos os palandores ou palanadoras xogan baixo o seu propio risco.

PRINCIPIOS DO XOGO LIMPO

Artigo 80. Valores.

O xogo da billarda debe contribuír a promover o carácter formativo, lúdico e socializador deste deporte, promovendo unha participación aberta, plural e democrática e a competitividade baixo uns valores de igualdade, respecto, compañeirismo, integración e corresponsabilidade.

Así mesmo debe contribuír a promover o carácter saudable deste deporte prohibindo comportamentos e actitudes como a toma de estupefacientes e bebidas alcohólicas.

Estes actos e actitudes serán reflexados nas actas do aberto e dirixida á Federación Galega de Deporte Autóctono e ao Comité Galego de Disciplina Deportiva.

Artigo 81. Saúdo aos palanadores ou palanadoras e ao xuíz ou xuíza de campo ao comezo e ao final dunha fase de grupos e/ou dunha eliminatoria.

O saúdo é obrigatorio ao comezo e ao final dunha fase de grupos e/ou dunha eliminatoria. Os palanadores ou palanadoras saudaranse entre eles batendo lixeiramente os paláns e co xuíz ou xuíza erguendo o palán cando son nomeados para disputar a carreira.

Artigo 82. Respecto polos palanadores ou palanadoras, xuíces ou xuízas, delegados ou delegadas e espectadores.

Durante o transcurso do aberto, as persoas participantes compórtanse unhas coas outras segundo os principios do nobre deporte.

Están estritamente prohibidos os actos públicos que atenten contra a dignidade e o decoro deportivo, como son comportamentos, actitudes ou xestos antideportivos como poden ser:

- insultar e/ou provocar a outras persoas.
- desviar intencionadamente a atención doutro palanador ou palanadora ou do xuíz ou xuíza durante o xogo.
- destrución intencionada de infraestrutura ou equipamento.
- ameazas ou intentos de enfrontarse fisicamente a outras persoas.

Todos estes actos e actitudes serán reflexados nas actas do aberto e dirixida á Federación Galega de Deporte Autóctono e ao Comité Galego de Disciplina Deportiva.

Diante de calquera actitude antideportiva reiterada ou agresión física e/ou verbal a calquera persoa dentro da instalación deportiva será función do Comité de Decisión do aberto resolver esta circunstancia que poderá supoñer como sanción a expulsión desa persoa do campo nesa xornada e incluso podería supoñer a expulsión da liga.

Artigo 83. Respecto polas decisións do xuíz ou xuíza.

As decisións do xuíz son definitivas e irrefutables. Os xogadores de ambos equipos están obrigados a respectar a decisión do árbitro e continuar o xogo independentemente das circunstancias.

APROBADO POLO COMITÉ TÉCNICO DA MODALIDADE DE BILLARDA DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE AUTÓCTONO O 14 DE MAIO DE 2021.